



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la transferencia del Pazo de Meirás a Galicia.**

El 11 de marzo de 2026 fue publicada la sentencia del Tribunal Supremo que confirma la sentencia de la Audiencia de A Coruña en relación con la propiedad pública del Pazo de Meirás y la exigencia de devolución de la posesión por la familia Franco. Así, la Sala Primera desestimó todos los recursos interpuestos, pero introdujo un nuevo pronunciamiento, pues reconoce que la familia del dictador Franco venía utilizando sin coste los bienes expoliados, el derecho a ser indemnizada por los gastos realizados en el Pazo durante el tiempo de su posesión.

Esta cuestión indemnizatoria merece el firme y rotundo rechazo del BNG, pues implica la compensación económica a quienes robaron, expoliaron y disfrutaron durante más de 40 años de un bien que debería ser público. Este beneficio que obtiene la familia Franco forma parte de toda la trama de intereses y connivencias que el Estado, empezando por la Casa Real, tuvo con la familia del dictador y deja en muy mal lugar la «Transición española», caracterizada por el olvido y la impunidad.

Sin embargo, esta parte de la resolución no desmerece la importancia histórica que tiene la sentencia, punto culminante de un largo proceso de movilización, investigación y lucha del pueblo gallego, encabezado por las organizaciones memorialistas que, durante mucho tiempo en silencio y en solitario, iniciaron la reclamación de la devolución del Pazo.

La confirmación definitiva de la propiedad pública del Pazo de Meirás es una conquista colectiva y un gran logro democrático. Después de décadas de abuso y expolio, este inmueble, que fue declarado BIC en el año 2008, dejó de ser un lugar de impunidad y apología de la dictadura para convertirse en un bien de titularidad y uso público.

Este logro histórico debe ser el punto de partida de una nueva fase, en la que se determine el modelo de gestión y los contenidos y usos del predio. La reciente sentencia del Tribunal Supremo sobre el Pazo de Meirás hace necesario avanzar en las gestiones para la



transferencia del conjunto a Galicia y garantizar los usos centrales relacionados con la memoria histórica democrática.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la valoración del Gobierno en relación con la obligación de indemnización fijada en la citada sentencia por parte del Estado a quienes expoliaron y robaron bienes públicos, así como de la omisión de todo tipo de responsabilidades por décadas de uso indebido, en los que la familia Franco disfrutó y realizó negocios sobre bienes que deberían formar parte del patrimonio público del pueblo gallego?
2. ¿Iniciará los trámites para proceder a la transferencia a Galicia del Pazo de Meirás, bajo la fórmula de cesión modal, en la que se debe garantizar la titularidad y el uso público, centrados en los contenidos relacionados con la memoria histórica democrática y con la represión franquista, así como la complementariedad con la vinculación a la vida y obra de Emilia Pardo Bazán?
3. ¿Comparte la necesidad de apostar por una gestión compartida en la que, como mínimo, participen la Xunta, el Gobierno del Estado y el Ayuntamiento de Sada, gestión que se articulará mediante un convenio de colaboración en el que deben incluirse compromisos de financiación y las aportaciones de cada institución?
4. ¿Garantizará la participación de la sociedad gallega en la definición de los usos y en la gestión de este lugar de memoria, contando de manera expresa y principal con la implicación de las entidades memorialistas que fueron decisivas en el proceso de recuperación del Pazo de Meirás?

Madrid, a 17 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 MAR. 2026 16:07:57

Entrada **106414**

Pregunta sobre a transferencia do Pazo de Meirás á Galiza

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á transferencia do Pazo de Meirás á Galiza.**

O 11 de marzo de 2026 foi publicada a sentenza do Tribunal Supremo que confirma a sentenza da Audiencia da Coruña en relación coa propiedade pública do Pazo de Meirás e a exixencia de devolución da posesión pola familia Franco. Así, a Sala Primeira desestimou todos os recursos interpostos, mais introduciu un novo pronunciamento pois reconece que a familia do Ditador Franco, que veu utilizando sen custo os bens espoliados, o dereito a ser indemnizados polos gastos realizados no Pazo no tempo da súa posesión.

Esta cuestión indemnizatoria merece o firme e rotundo rexeitamento do BNG, pois implica a compensación económica a quen roubou, espoliou e gozou durante máis de 40 anos dun ben que debera ser público. Este beneficio que obtén a familia Franco forma parte de toda a trama de intereses e connivencias que o Estado, a comezar pola Casa Real, tivo coa familia do Ditador e deixa quedar en moi mal lugar a “Transición española”, caracterizada polo esquecemento e a impunidade.

Porén, esta parte da resolución, non desmerece a importancia histórica que ten a sentenza, punto culminante dun longo proceso de mobilización, investigación e loita do pobo galego, encabezado polas organizacións memorialistas que, durante moito tempo en silencio e en solitario, iniciaron a reclamación da devolución do Pazo.



A confirmación definitiva da propiedade pública do Pazo de Meirás é unha conquista colectiva e un grande logro democrático. Despois de décadas de abuso e espolio este inmóbel, que foi declarado BIC no ano 2008, deixou de ser un lugar de impunidade e apoloxía da Ditadura para converterse nun ben de titularidade e uso público.

Este logro histórico debe ser o punto de partida dunha nova fase, na que se determine o modelo de xestión e os contidos e usos do predio. A recente sentenza do Tribunal Supremo sobre o Pazo de Meirás fai necesario avanzar nas xestións para a transferencia do conxunto á Galiza e garantir os usos centrais relacionados coa memoria histórica democrática.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cal é a valoración do Goberno en relación coa obriga de indemnización fixada na citada sentenza por parte do Estado a quen espoliou e roubou bens públicos así como da omisión de todo tipo de responsabilidades por décadas uso indebido, en que a familia Franco gozou e fixo negocios sobre os bens que deberían formar parte do patrimonio público do pobo galego?
2. Iniciará os trámites para proceder á transferencia á Galiza do Pazo de Meirás, baixo a fórmula de cesión modal, en que se debe garantir a titularidade e uso público, centrado ade dos contidos relacionados coa memoria histórica democrática e coa represión franquista e a complementariedade da vinculación coa vida e obra de Emilia Pardo Bazán?
3. Comparte a necesidade de apostar pola xestión compartida na que, no mínimo, participen a Xunta, o Goberno do Estado e o Concello de Sada, xestión que se vehiculizará mediante un convenio de colaboración no que deben incluírse compromisos de financiamento e as achegas de cada institución?



4. Garantirá a participación da sociedade galega na definición dos usos e na xestión deste lugar de memoria, contando de maneira expresa e principal coa implicación das entidades memorialistas que foron decisivas no proceso de recuperación do Pazo de Meirás?

Madrid, a 17 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso